

Ademais, Beiras, como é sabido, é un conxunto de elos brillantes da cadea que nos liga coa historia e no seu estilo, no que poderíamos denominar sistema expresivo, ecoan as voces do pasado, Pondal, Rosalía, Castelao, Otero, e do presente, como Pepe Cáccamo, nun diálogo enteiramente persoal e eu diría que poético. Así, a prosa de Beiras remite a outras prosas do seu tempo, nomeadamente da Nova Narrativa Galega, coa que certas pezas deste libro dialoga en posición de orgullo autorial, como se o autor renunciase daquela a unha carreira literaria para a que estaba máis que capacitado, en parte por estar preso dun fervor intelectual e analítico que o conducía a outras ribeiras.

Hai espazo para outros Beiras menos coñecidos, os tremores do afecto, o arrepío da música, mais sempre prevalece o Beiras que máis queremos, o da conciencia crítica, o do compromiso radical co país, na perplexidade coa que asistimos á nosa propia historia.

RETRATOS EN FITE

Xosé Manuel Beiras

Editorial Laiovento

Santiago, 2022

246 páxinas



POESÍA

Alianza de Amor

[T] Armando Requeixo



A poesía de Luís Valle (Lugo, 1977) é unha das mellores cousas que lle pasou á literatura galega dos últimos anos. A súa escrita aluma as sombras da caverna e revela decote a verdade do seu fulgor. Interésalle o dicir xusto, sempre entre o hermetismo e o simbolismo, a autoindagación, os misterios insondables do amor, da morte e dos primeiros e derradeiros significados da existencia. Pescuda neles coma un mineiro na procura do diamante, cunha fe cega en atopar a luz indecisa que o guíe, que nos guíe no camiño. Porque se de algo estou certo é de que Valle comprendeu hai tempo que a palabra non ten que cambiar a realidade.

A palabra é a realidade na penumbra, o verbo que dá sentido a todo.

É doado comprobar o que digo coa lectura de *A caída* (2009), *Fedor* (2011), *As cicatrices do Sol* (2015), *Trona, o merlo* (2015), *Para que eu beba* (2017), *Óstraka* (2019) ou *Causa de nieve* (2021), mais tamén na súa máis recente proposta poética: *Alianza* (2022), un volume que publica Barbantesa, selo co que xa ten traballado noutras ocasións e que achega aquí unha edición de ben belida factura.

Alianza é un poemario amoroso, tal como declaran os versos de Safo de Lesbos que figuran como adro do libro. Son, estas, páxinas que celebran a Eros en toda a súa extensión: dende o mar dos afectos máis puros e etéreos ata a fusión total dos corpos. Aquí governa Amor, mais tamén a proxección da súa luz e a epifanía do seu poder nas pequenas grandes cousas que se comparten. Hai "un só comezo que conduce á luz" para que todo remate "como dous corpos/ espidos/ da palabra/ aeternus". A convivencia leva logo a sentir "a viva sede de ti" e o "amarse coma quen arrinca cada día/ a sombra da primeira rosa do xardín", na contemplación do sorriso da amada que "move/ sen querer/ as estrelas" e trae "pardelas de alba" para convencer o poeta de que "toda Ética/ consiste/ en respirar ao teu lado".

Esta eclosión íntima esferiza en versos breves, en ocasións a modo de haikai, composicións luídas nas que se esencializa o signo e se ispe de complementos innecesarios para deixar que escintile con forza a metafórica da xenuína imaxinística Valle.

Quen lea *Alianza* sen dúbida conectará cos harmónicos versais de Shakespeare, Blake, Rimbaud, Valente ou, máis preto de nós, Pato e Pexegueiro, voces amigas coas que esta escrita dialoga con frecuencia, anxos tutelares que marcan o camiño polo que avanza a poética incandescente do lucense.

Declaro a gratitude por tan reconfortante lectura como foi para min esta *Alianza* de Luís Valle. Deixarse levar pola tenrura de Amor cando "late até a neve", cando se volve un "acariñarmonos na palabra", cando todo el é un "anoármomos" é unha experiencia que recomendo, máis aínda nestes tempos avoltos, incendiarios, bélicos nos que a anilina da desharmonía semella infiltrar cada recanto. Contra a barbarie, a Alianza de Amor.

ALIANZA

Luís Valle

Edicións Barbantesa

Cangas, 2022

72 páxinas

